

XUNTA DE GOBERNO

Sesión do día 5 de agosto de 2022

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas e seis minutos do día cinco de agosto do ano dous mil vinte e dous, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M^a del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Ana Laura Iglesias González, Dna. Iria Lamas Salgueiro, Dna. María Ortega Iñarrea, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. José Luís Mato Rodríguez, Secretario (p.s.), e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Non asisten os deputados D. Gorka Gómez Díaz, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, nin a deputada Dna. Ana María Mejías Sacaluga.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32028.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 29 de xullo 2022.

2.32029.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE COVELO, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DA ACCESIBILIDADE E HUMANIZACIÓN DOS ACCESOS AOS EQUIPAMENTOS DE BARCIADEMERA” (EXPTE. 2022011676)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.



Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrència non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942-9425-762.45 (Plan Concellos 220-2023).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-2023, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.



En data 28/02/2022 por rexistro WEB2022009949 dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *concello de Covelo* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 193.678,89 euros, con destino ao financiamento “*Mellora da accesibilidade e humanización dos accesos aos equipamentos de Barciademera*”, cun orzamento polo mesmo importe correspondendo 179.992,58 euros do orzamento de execución por contrata e 13.686,31 euros dos honorarios técnicos (redacción proxecto (6.076,20 €), dirección de obra (6.076,20 €), coordinación de seguridade e saúde (759,53 €) e seguimento medioambiental (774,38 €), IVE engadido), quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS
2022	84.328,77	84.328,77	0,00	0,00
2023	109.350,12	109.350,12	0,00	0,00
TOTAL	193.678,89	193.678,89	0,00	0,00

En datas posteriores o *Concello* emenda a documentación presentada inicialmente.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, agás no relativo á dispoñibilidade dos terreos necesarios para a normal execución do investimento por estar pendente, no momento de presentación da solicitude de subvención, as autorizacións sectoriais da Confederación Hidrográfica do Miño Sil e da Deputación de Pontevedra, así como, a aprobación do proxecto e a acta de trazado previo (Anexo III).

Fundamentación xurídica:

Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.



- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.



Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá re-utilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.



- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 01/08/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 01/08/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 01/08/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Covelo* CIF P363601300A a cantidade de 193.678,89 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Mellora da accesibilidade e humanización dos accesos aos equipamentos de Barciademera*”, cun orzamento polo mesmo importe correspondendo 179.992,58 euros do orzamento de execución por contrata e 13.686,31 euros dos honorarios técnicos (redacción proxecto (6.076,20 €), dirección de obra (6.076,20 €), coordinación de seguridade e saúde (759,53 €) e seguimento medioambiental (774,38 €), IVE engadido), quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS
2022	84.328,77	84.328,77	0,00	0,00
2023	109.350,12	109.350,12	0,00	0,00
TOTAL	193.678,89	193.678,89	0,00	0,00

- A presente concesión queda condicionada a obtención das autorizacións sectoriais da Confederación Hidrográfica do Miño Sil e da Deputación de Pontevedra, sendo imprescindible que o *Concello* as remitirá á Deputación coa primeira xustificación da axuda económica, así como, o certificado da resolución ou do acordo de aprobación do proxecto e da acta de trazado previo (Anexo III).
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2022/942.9425.762.45 e 2023/942-9425-765.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Ase mesmo, e de ser o caso, de acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023 o *Concello de Covelo* deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde da súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar así a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Covelo*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

3.32030.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE O PORRIÑO, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2022), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REDE DE SANEAMENTO EN MOSTEIRO”. (EXpte. 2022009760)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que



as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detración por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detración de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspóndelle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte á lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-2023, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmobles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto á cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.

En data 24/02/2022 por rexistro WEB202008923 dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello de O Porriño* na que solicita con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 70.464,91 euros, con destino ao financiamento do investimento “REDE DE SANEAMENTO EN MOSTEIRO”, cun orzamento polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2022	70.464,91 €	70.464,91 €	-----



Revisada a documentación, ata chegar ao derradeiro rexistro web2022042275 de data 29/07/2022, a solicitude remitida cumpre finalmente cos requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación precisa, se ben se constata que resulta precisa a autorización sectorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, o que fai que se condicione o acto de concesión de subvención á efectiva obtención da devandita autorización sectorial, xa que consta a súa petición. Asemade o Concello posterga a aprobación do proxecto á concesión do permiso indicado. E a pesar de terse enviado a acta de trazado previo, dada a necesidade de variar puntualmente o proxecto finalmente válido, o Concello deberá achegala novamente, axustada a dita dispoñibilidade e trazado.

As presentes actuacións contan co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación de data 29/07/2022.

Fundamentación xurídica:

1.- Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía de unidade de mercado.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, e polo que se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



II.- Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.



- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevivirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo á Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

Parte dispositiva:

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 29/07/2022, e da xefa do servizo de Cooperación de data 01/08/2022 que conclúen favorablemente a tramitación da



subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 02/08/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de O Porriño*, CIF: P3603900F a cantidade de 70.464,91 euros con destino ao financiamento do investimento “REDE DE SANEAMENTO EN MOSTEIRO” (Exp: 2022009760) cun orzamento polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición segundo se indica na seguinte táboa:

Anualidades	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2022	70.464,91 €	70.464,91 €	-----
2023	-	-	
Total	70.464,91 €	70.464,91 €	

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 22/942.9425.762.45 do orzamento provincial para o vixente exercicio, no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada a efectiva obtención da resolución favorable da Consellería de Cultura, Educación e Patrimonio, por realizarse a actuación na zona de afección desta entidade, ademais da acta de trazado previo (anexo III) e o acordo de aprobación do proxecto que rexe o investimento, sendo imprescindible que se remita á Deputación toda a documentación sinalada xunto coa primeira xustificación presentada da axuda económica concedida.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023 o Concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de O Porriño*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



4.32031.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE O ROSAL, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADES 2022 E 2023), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “RECONFIGURACIÓN DO TRAMO OESTE DA ESTRADA VELLA DE SAN MIGUEL DE TABAGÓN”. (EXPTE.2022011252)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.0425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detración por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detración de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xa cando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.



De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.

En data 26/02/2022, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do concello de O Rosal na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 169.897,90 euros, co obxecto do financiamento do investimento “Reconfiguración do tramo oeste da estrada vella de San Miguel de Tabagón”, cun orzamento polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2022	56.632,63	56.632,63	0,00	0,00
2023	113.265,27	113.265,27	0,00	0,00
TOTAL	169.897,90	169.897,90	0,00	0,00

En datas posteriores o Concello emenda as deficiencias observadas no proxecto técnico achegado, dando así resposta ao requirimento efectuado formalmente por este servizo.

Consta no expediente documento relativo a titularidade do viario no que se vai a realizar a intervención por parte do Concello.

A execución da obra precisa das autorización sectoriais de patrimonio (efectivamente solicitada en prazo e outorgada en data 16/03/2022) e da entidade pública AXI (efectivamente outorgada en data 24/02/2022).

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación de data 27/07/2022.



Fundamentación xurídica:

1.- Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.



- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral



do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevivirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.

- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 27/07/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, da mesma data, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 28/07/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de O Rosal*, CIF P3604800G, a cantidade de 169.897,90 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Reconfiguración do tramo oeste da estrada vella de San Miguel de Tabagón*” (Expediente:2022011252) cun orzamento polo mesmo importe, distribuída segundo a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2022	56.632,63	56.632,63	0,00	0,00
2023	113.265,27	113.265,27	0,00	0,00
TOTAL	169.897,90	169.897,90	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2022/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto. Polo que respecta á anualidade 2023, financiarase con cargo á correspondente aplicación, que será, no seu caso, a 2023/942.9425.762.45, quedando condicionada á aprobación do orzamento para o exercicio 2023 e á existencia de crédito adecuado para este fin.



- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023, e de ser o caso, o Concello de O Rosal deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado a 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de O Rosal*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

5.32032.- ACEPTACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PRAZO DE FORMALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓNS NECESARIAS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO EXPEDIENTE IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004535 “INSTALACIÓNS DE BIOMASA SOSTIBLE I: INSTALACIÓNS PARA USO TÉRMICO DA BIOMASA NOS MUNICIPIOS DE CANGAS, A CAÑIZA, PORTAS, REDONDELA, TOMIÑO E VILABOIA”. (EXYTE. 2020031211)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de cooperación que literalmente se transcribe: “Á vista da Resolución favorable a solicitude de modificación das condicións iniciais relativas ao prazo de formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto de axuda do expediente IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004535 “Instalacións de biomasa sostible I: instalacións para uso térmico da biomasa nos municipios de Cangas, A Cañiza, Portas, Redondela, Tomiño e Vilaboa”, e co obxecto de aceptar a Resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada en Deputación de Pontevedra número 2022018415 e data 28/07/2022, a Xefa do Servizo de Cooperación, emite o seguinte

I. Antecedentes

Dentro das competencias que lle atribúe a Lei 7/1985, do 2 de abril (BOE núm. 80 do 3 de abril), reguladora das Bases de Réxime Local ás deputacións provinciais está, segundo o artigo 36.1.d, a “cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.



En data 21/10/2020 preséntase ante o IDAE o proxecto denominado “Instalacións de biomasa sostible I: instalacións para uso térmico da biomasa nos municipios de Cangas, A Cañiza, Portas, Redondela, Tomiño e Vilaboa”, con rexistro de entrada núm. 202000012763. Tras a súa avaliación, en data 17/09/2021 e con rexistro de entrada núm. 2021021334, recíbese Resolución do Director Xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude, e concédeselle á Deputación unha subvención con cargo ao FEDER por importe de 378.907,04 euros, asignándosele o número de proxecto FEDER-EELL-2020-004535

O obxecto do proxecto consiste en actuar na substitución dos sistemas de xeración de enerxía térmica actuais, por caldeiras e estufas de biomasa, co fin de que favorezan o paso a unha o paso a unha economía baixa en carbono. Con estas actuacións conseguirase un aforro estimado no da enerxía eléctrica da instalación reformada en polo menos, un 30%

Na devandita resolución, pola que se estima favorablemente a solicitude de axuda á Deputación de Pontevedra para o proxecto citado resólvese, entre outras, as seguintes cuestións:

Importe da axuda concedida

Conceder á Deputación de Pontevedra, titular de NIF: P3600000H, unha axuda por importe máximo de 387.907,04€

Custe elixible admitido para o proxecto

O custe elixible admitido é o seguinte:

PROXECTO IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004535 “INSTALACIONES DE BIOMASA SOSTIBLES I: Instalacións para o uso térmico da biomasa nos concellos de Cangas, A Cañiza, Portas, Redondela, Tomiño e Vilaboa”				
Concello	Custe total elixible	Subvención IDAE (80% FEDER)	Achega Deputación de Pontevedra	Achega concellos
Cangas	112.137,52€	89.710,01€	10.000,00€	12.427,51€
A Cañiza	62.781,53€	50.225,16€	6.278,18€	6.278,19€
Portas	118.606,49€	94.885,17€	10.000,00€	13.721,32€
Redondela	112.091,54€	89.673,23€	10.000,00€	12.418,31€
Tomiño	39.595,56€	31.676,44€	3.959,56€	3.959,56€
Vilaboa	39.671,29€	31.737,03€	3.967,13€	3.967,13€
Totais	484.883,93€	387.907,04€	44.204,87€	52.772,02€



Aceptación da axuda.

De conformidade co previsto no apartado 7 do artigo 13 das bases que rexen esta convocatoria, o beneficiario deberá notificar ao IDAE a súa aceptación da resolución e as condicións nela impostas, no prazo máximo de (30) trinta días naturais desde a data de recepción da resolución pola que se acorde a selección do proxecto, mediante escrito dirixido ao Órgano Instrutor, facendo referencia á notificación recibida.

Condicións e termos da concesión da axuda

Nun prazo máximo de (1) un ano desde a notificación da resolución de concesión da axuda, o beneficiario deberá acreditar que se formalizaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, mediante a achega, a través da aplicación informática establecida na web do IDAE, da documentación que o acredite, como os pregos de condicións administrativas e técnicas do concurso e o contrato.

O prazo máximo para a conclusión das actuacións acollidas á convocatoria é o 31 de xullo de 2023, a cuxo efecto deberá achegarse un certificado final de obra, onde conste dita data, asinado polo técnico competente, todo iso salvo a eventual ampliación do prazo de execución nos termos previstos no artigo 14.3 da convocatoria de axudas, que en calquera caso estará supeditada ao cumprimento dos prazos para verificación e certificación establecidos no Programa Operativo FEDER Plurirexional de España 2014-2020 (POPE) para o ano 2023.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 01 de outubro de 2021, adoptou, entre outros, o acordo número 7.30832 de aceptación da axuda concedida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) ao proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004535 “Instalacións de biomasa sostible I: instalacións para uso térmico da biomasa nos municipios de Cangas, A Cañiza, Portas, Redondela, Tomiño e Vilaboa” (expediente 2020031211).

Con data 15/07/2022 con número de rexistro no IDAE 202200017392, ao amparo do artigo 14 do RD 616/2017, do 16 de xuño, a Deputación de Pontevedra solicita ante o IDAE a modificación das condicións iniciais de concesión de axuda polas seguintes causas: “a pesar de iniciarse o procedemento dentro do prazo, a súa formalización acumulou retraso debido á carga de traballo actual do servizo de Contratación e debido á proximidade da data límite para acreditar a formalización dos contratos necesarios para a execución das obras do proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004535, fai que non quede apenas marxe para poder revisar debidamente os proxectos redactados pola empresa Teswater global SLU, (CIF B-27778703).

Finalmente despois da avaliación da solicitude presentada, en data 28/07/2022 e con rexistro de entrada número na Deputación de Pontevedra 2022018415, recíbese a resolución do Director Xeral do IDAE na que acepta a ampliación de prazo solicitada para a formalización das contratacións das actuacións obxecto da axuda e por tanto, modificar a resolución de data 17/09/2021, pola que concedeu a subvención con cargo a FEDER por importe de 387.907,04 euros, asignándolle el número de proxecto FEDER-EELL-2020-004535. Neste sentido no prazo máximo de (1) un ano + seis (6) meses de ampliación de prazo desde a notificación da resolución de concesión da axuda, o beneficiario deberá acreditar que se formalizaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, mediante a achega, a través da aplicación informática establecida na web do IDAE, da documentación que o acredite, como os pregos de condicións administrativas e técnicas do concurso e o contrato.



A modificación non dana dereitos de terceiros e non altera as condición económicas da axuda concedida non os prazos de execución establecidos inicialmente.

II. Fundamentación xurídica:

Normativa examinada:

- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).*
- *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).*
- *Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020. (Real Decreto 616/2017).*
- *Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, polo que se modifica o Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.*

Consideracións xurídicas:

Competencia:

- *De conformidade co previsto no apartado 7 do artigo 13 do Real Decreto 616/2017, o beneficiario deberá notificar ao IDAE a súa aceptación da resolución e as condicións nela impostas, no prazo máximo de (30) trinta días naturais desde a data de recepción da resolución pola que se acorde a selección do proxecto, mediante escrito dirixido ao Órgano Instrutor, facendo referencia á notificación recibida.*
- *Segundo o artigo 34.1.f da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a competencia para a realización dos trámites de aceptación e a aprobación das condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento, ou pola Xunta de Goberno.*
- *Segundo o establecido coa base 11ª e 27ª das Bases de execución do orzamentos provincial e en relación aos artigos 43, 44 e 45 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da TRLFL o expediente de xeración de crédito, previo informe de Intervención, será aprobado pola Presidencia ou pola Xunta de Goberno da Deputación.*
- *Segundo o artigo 174 do TRLRFL, poderán adquirirse compromisos de gasto que se estendan a exercicios posteriores a aquel no que se autoricen, de xeito que a súa realización se subordinará ao crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.*



- Segundo o establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.
- Artigo 36.1.d) da LRBRL polo que a Deputación compételle a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou dítames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 4.2 do Real Decreto 616/2017 polo que no caso de presentación agrupada ou representada, deberá subscribirse un acordo, que inclúa entre outras as obrigas que asume cada parte. A estes efectos, a Deputación comprometeuse a financiar unha porcentaxe das actuacións.

III. Conclusións:

O proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004535 “Instalacións de biomasa sostible I: instalacións para uso térmico da biomasa nos municipios de Cangas, A Cañiza, Portas, Redondela, Tomiño e Vilaboa” no marco das actuacións ao abeiro do programa de Economía Baixa en Carbono, foi presentado ante o IDAE pola Deputación coa fin de mellorar a eficiencia enerxética das instalacións dos sistemas de xeración de enerxía térmica dos concellos. Con esta actuación conseguirase un aforro estimado no consumo do 30%. Para o seu financiamento solicitouse unha axuda con cargo a FEDER (máximo 80% do custe elixible), completándose cunha achega por parte da Deputación do 10% de cada actuación incluída no proxecto, cun máximo de 10.000 euros, e achegando o importe restante os concellos do proxecto como entidades beneficiarias.



Posteriormente e ao amparo do artigo 14 do RD 616/2017, do 16 de xuño, o a Deputación de Pontevedra solicita ante o IDAE a modificación das condicións iniciais de concesión de axuda debido a que a pesar de iniciarse o procedemento dentro do prazo, a súa formalización acumulou retraso debido á carga de traballo actual do servizo de Contratación e debido á proximidade da data límite para acreditar a formalización dos contratos necesarios para a execución das obras do proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004535 fai que non quede apenas marxe para poder revisar debidamente os proxectos redactados pola empresa Teswater global SLU, (CIF B-27778703). A ampliación do prazo máximo de (1) un ano incrementa en seis (6) meses o prazo inicial para a formalización das contratacións necesarias para a execución das actividades obxecto da axuda.

Finalmente despois da avaliación da solicitude presentada, en data 28/07/2022 (registro de entrada número na Deputación: 2022018415) recíbese a resolución do Director Xeral do IDAE na que acepta a ampliación de prazo solicitada para a formalización das contratacións das actuacións obxecto da axuda e por tanto, modificar a resolución de data 17/09/2021, pola que concedeu a subvención con cargo a FEDER por importe de 378.907,04 euros, asignándolle el número de proxecto FEDER-EELL-2020-004535, estendéndose dito prazo ata o 17/03/2023.

A modificación non dana dereitos de terceiros e non altera as condición económicas da axuda concedida non os prazos de execución establecidos inicialmente.

Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para o proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004535 “Instalacións de biomasa sostible I: instalacións para uso térmico da biomasa nos municipios de Cangas, A Cañiza, Portas, Redondela, Tomiño e Vilaboa” é necesario realizar a aceptación por parte da Deputación de Pontevedra das condicións da Resolución favorable do Director Xeral do IDAE con registro de entrada en Deputación de Pontevedra número 2022018415 e data 28/07/2022 na que acepta a ampliación de prazo solicitada para a formalización das contratacións das actuacións obxecto da axuda, estendéndose dito prazo ata o 17/03/2023 e, por tanto, modifica a Resolución de data 17/09/2021, pola que concedeu a subvención con cargo a FEDER por importe de 378.907,04 euros.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación deste expediente e PROPOÑO a ACEPTACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PRAZO DE FORMALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓNS NECESARIAS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO EXPEDIENTE IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004535 “Instalacións de biomasa sostible I: instalacións para uso térmico da biomasa nos municipios de Cangas, A Cañiza, Portas, Redondela, Tomiño e Vilaboa” (expediente 2020031211), de acordo coa distribución do financiamento exposta nos antecedentes.

IV. Réxime competencial

En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.



Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

*Pontevedra, na data da sinatura electrónica.
A xefa do servizo de Cooperación
(documento asinado electronicamente á marxe)
Marina Piñeiro Novo”*

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 28/07/2022, e da Intervención Provincial de data 29/07/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptación da modificación do prazo de formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto da axuda do expediente IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004535 “Instalacións de biomasa sostible I: instalacións para uso térmico da biomasa nos municipios de Cangas, A Cañiza, Portas, Redondela, Tomiño e Vilaboa” (expediente 2020031211)”, aprobado mediante Resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada en Deputación de Pontevedra número 2022018415 e data 28/07/2022, estendéndose dito prazo ata o 17/03/2023.
- Darlle traslado do presente acordo ao Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), ós concellos beneficiarios, á Intervención, ó Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.

6.32033.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A IMPLANTACIÓN DE AGRO-COMPOSTAXE EN SINERXIA CÓS BIORESIDUOS MUNICIPAIS (EXPTE. 2022048522)

Visto o informe-proposta do xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal, de data 26 xullo de 2022, co seguinte teor literal:

“O técnico que subscribe, no exercicio das competencias que ten asignadas e de acordo co disposto no artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, eleva a seguinte

PROPOSTA

ANTECEDENTES DE FEITO E TRATAMENTO TÉCNICO

A provincia de Pontevedra, en relación a súa superficie, ten unha grande capacidade de xeración de biorresiduos, tanto nos sectores primarios (forestal, agrario, vitivinícola, gandeiro, pesqueiro, acuicultor ou do marisqueo), como nos propios ámbitos urbanos.



En todos eles, de forma moi maioritaria, segue a predominar o modelo lineal convencional de: “insumo-->consumo/proceso-->residuo-->eliminación”; e, naqueles contados casos nos que reutilizan/reciclan os seus biorresiduos, non sempre se fai coas mínimas garantías sanitarias e ambientais.

Por outro lado, a agricultura precisa de abonos orgánicos nitroxenados, fosfatados, potásicos, etc., importantes para obter unhas boas produtividades, pero especialmente para manter o solo en boas condicións de cara ao futuro.

É dicir, que estamos ante dous problemas graves moi relacionados entre si: por unha banda que os biorresiduos, potencialmente útiles, convértense nun problema ao carecer dun destino útil e, pola outra, a necesidade de importar abonos e/ou emendas orgánicas para os solos.

Pois ben, un dos obxectivos finais do REVITALIZA é abordar estes problemas e aproveitar a evidente complementariedade que existe entre eles aportando para iso o cúmulo de experiencias e de avances acadados dende o ano 2015 e que constitúen unha sólida base para dar un salto adiante definitivo.

As sinerxías intersectoriais, a colaboración público-privada, a utilización do mellor e máis avanzado do coñecemento e das tecnoloxías dispoñibles, e as solucións específicas e axeitadas a cada unha das variadas e diferentes situacións e escalas, serán as bases para lograr o obxectivo que se pretende alcanzar.

Sentadas as bases para unha implantación xeneralizada da compostaxe local, individual e comunitaria, é o momento de avanzar cara ao seguinte paso previsto e planificado dende un principio no REVITALIZA; o que se refire ao desenvolvemento das pequenas plantas de compostaxe comarcal (PCC) que darían saída aos biorresiduos daquelas zonas nas que a súa densidade ou a distribución da súa poboación non permitan tratar a totalidade dos seus biorresiduos pola vía local.

Dende o inicio do REVITALIZA pretendéronse crear as complementariedades e sinerxías entre os sectores primarios e os urbanos xeradores de biorresiduos e as actividades agrícolas necesitadas da emenda ou abono orgánico que xera a compostaxe. Os avances acadados posibilitan dar un paso máis coa incorporación da agrocompostaxe cuxo fomento é o obxectivo desta convocatoria de subvencións.

Deste modo, sumando esforzos entre o sector público e o privado, axudarase a pechar o círculo da xestión da fracción orgánica dos residuos municipais (en diante FORM) e determinados residuos complementarios xerados polas actividades empresariais, facendo unha xestión conxunta dos mesmos mediante a compostaxe de proximidade.

Esta xestión conxunta da FORM cos residuos complementarios das actividades dos diferentes sectores primarios, asegurará non só unha mellor eficiencia nos procesos e redución dos costes, se non que garantizará a recuperación do valor contido nos materiais ao final da súa vida útil mediante a produción dun produto estable denominado “compost” que será utilizado na propia actividade empresarial pechando o ciclo de vida destes residuos.

Polo tanto, o obxecto desta convocatoria é promover e aproveitar as sinerxías asociadas á co-compostaxe de biorresiduos de orixe doméstico, recollidos de forma separada en orixe, cos residuos agro-gandeiros, silvícolas, vitivinícolas, hortofrutícolas e/ou similares, cunha liña de subvencións destinada á financiar a construción/adaptación das instalacións adecuadas para iso, incluíndo tanto a obra civil como a maquinaria, etc., coa finalidade de utilizar en orixe o compost resultante.



Os obxectivos que se pretenden acadar con esta liña de subvencións son os seguintes:

- Promover accións acordes cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible do Programa 2030 das Nacións Unidas.
- Mellorar o medio ambiente e o entorno natural buscando a sustentabilidade e a economía circular, diminuindo o impacto ambiental a través da mitigación do cambio climático (pegada de carbono, resiliencia edafolóxica e secuestro de carbono).
- Preparar abonos/emendas orgánicas que permitan pechar o círculo da materia orgánica.
- Aumentar o valor engadido dos produtos agrogandeiros.
- Implantar experiencias de transformación agroalimentaria innovadoras e/ou de produción ecolóxica.
- Mellorar a xestión dos residuos biodegradables mediante compostaxe, tanto de orixe doméstico como de orixe agrogandeira.
- Acadar os obxectivos lexislativos no eido da recollida selectiva dos residuos domésticos biodegradables.

Poderán ser beneficiarias desta liña de subvencións aquelas entidades, empresas, cooperativas e autónomos da provincia de Pontevedra que, como consecuencia da súa actividade, sexan xeradores de biorresiduos susceptibles de ser compostables e consumidores de abonos/emendas orgánicos.

Ademais do anterior, as entidades solicitantes deberán:

- Ter dada de alta a súa actividade e contar coas correspondentes autorizacións administrativas.
- Ter unha facturación media dos últimos tres anos igual ou superior a 500.000,00 euros.
- Dispoñer de terreos adecuados e suficientes, no lugar de produción dos residuos ou próximos a el, para a instalación/ampliación da planta de co-compostaxe, e para aplicar todo o compost producido na instalación de co-compostaxe.

Non poderán obter a condición de beneficiarias aquelas entidades solicitantes nas que concurra algunha das circunstancias ou prohibicións ás que fai referencia a lexislación vixente en materia de subvencións.

A presente liña de subvencións dotase cun importe de 1.500.000,00 €, con cargo á aplicación 22/923.1623.779.01 do vixente orzamento provincial.

Cada entidade solicitante poderá obter unha subvención de como máximo o 75% do custe total da actuación reflectida no anteproxecto presentado, cun máximo a percibir de subvención de 600.000,00 €.

Dita subvención incluírá tanto a obra civil necesaria como calquera tipo de maquinaria precisada para realizar o proceso da compostaxe, tendo en conta as consideracións reflectidas nos ANEXOS I e II incorporados nas bases.

A presente convocatoria artíciúlase en dúas fases:

Primeira fase: no prazo de 30 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación destas bases e o seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), as posibles entidades beneficiarias deberán presentar unha manifestación de interese en participar na presente convocatoria como requisito para poder acceder ás axudas, xunto coa documentación reflectida na base sexta.



En base a esta información iniciarase un proceso de asesoramento por parte do persoal do REVITALIZA na redacción da documentación que se deberá presentar na segunda fase, elaborando, para cada entidade solicitante, un informe onde se apuntará-con carácter orientador e respecto aos seus residuos-, a cantidade máxima de biorresiduos de orixe doméstico que poderían tratar na instalación de co-compostaxe.

Segunda fase: unha vez que o persoal técnico provincial verifique a viabilidade da solicitude inicial e emita o informe correspondente, notificaráselle dita circunstancia ás entidades seleccionadas e abrirase un novo prazo de 120 días naturais, contados a partir do seguinte á publicación no BOPPO desa comunicación, para que aporten o anteproxecto e o estudo de viabilidade económica da instalación que serán obxecto de valoración conforme aos criterios establecidos na base décimo primeira; así mesmo, ás entidades que non resultasen seleccionadas se lles comunicarán os motivos do rexeitamento.

As subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrència competitiva entre as entidades solicitantes.

Sobre un total de 100 puntos, os criterios de selección son os seguintes:

- 1. Polas melloras das condicións económicas ofertadas para a recepción de biorresiduos de orixe doméstico, ata un máximo de 50 puntos:*

$$P = 50 * \left(\frac{\text{prezo mínimo ofertado} + 1}{\text{prezo ofertado polo solicitante} + 1} \right)^3$$

En relación co anterior, tendo en conta a Resolución do 19 de xaneiro de 2022 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se fai público o importe do canon específico de tratamento por tonelada na planta de fracción orgánica dos residuos que deberá aplicar a Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. para o ano 2022, o prezo máximo a cobrar para a recepción dos biorresiduos municipais ascenderá a 48,30 euros/tonelada (IVE non incluído), importe que poderá ser obxecto de minoración polas entidades solicitantes. As ofertas que superen ese importe serán excluídas automaticamente.

Este prezo operará para todos os biorresiduos de orixe doméstico recibidos cun nivel de impropios máximo dun 5%, sendo rexeitados aqueles que superasen dita porcentaxe.

- 2. Polo equilibrio entre os biorresiduos xerados na propia actividade e os biorresiduos de orixe doméstico captados, ata un máximo de 25 puntos segundo a fórmula:*

$$P = 25 + 25 * \frac{(\% \text{biorresiduos de orixe doméstico} - 66,67\%)}{66,67\%}$$

Nota: 66,67 representa a porcentaxe máxima dos biorresiduos de orixe doméstico que se pode tratar na planta de co-compostaxe en relación ao total dos residuos orgánicos propios e biorresiduos domésticos que se traten (excluído o estruturante).

- 3. Polo maior esforzo económico do solicitante por enriba do mínimo do 25% do total do investimento, ata un máximo de 25 puntos*

$$P = 25 * \frac{\% \text{aportación do solicitante}}{\% \text{máximo de todas as solicitudes}}$$



As solicitudes presentadas valoraranse conforme á suma dos resultados obtidos nas tres fórmulas expostas, clasificándose de maior a menor puntuación total quedando excluídas aquelas solicitudes que na suma dos resultados obtidos nas tres fórmulas non superen os 40 puntos.

Sobre os puntos obtidos por cada aspirante aplicarase unha fórmula da que sairán as cantidades máximas que corresponderían a cada aspirante segundo os datos presentados por cada un deles, sempre tendo presente que o máximo absoluto por aspirante nunca poderá superar os 600.000 € e/ou o 75% do custo total da actuación, tal como quedou establecido na base cuarta.

A subvención que percibirá cada unha das entidades seleccionadas, virá dada pola fórmula seguinte:

$$\text{Contía da subvención} = 600.000 * \left(\frac{Pe - 40}{P_{\max} - 40} \right)$$

Contía da Subvención: subvención máxima á que podería aspirar cada entidade en función dos puntos obtidos.

Pe: total puntos obtidos por cada entidade.

Pmax: a maior puntuación obtida de todas as entidades.

Valoraranse as solicitudes por orde decrecente de puntuación e asignaráselles ata o máximo financiamento posible ás que obteñan maior puntuación-respectando en todo caso as porcentaxes establecidas na base cuarta- ata esgotar o importe de 1.500.000,00 €.

Podería darse o caso que a última das entidades beneficiarias da subvención-que acadase dereito a unha determinada cantidade-non obtivese a totalidade da mesma ao ser insuficiente o importe dispoñible tras as adxudicacións ás anteriores entidades solicitantes.

Nese caso propoñeríaselle a aceptación dese resto sobrante inferior ao que lle correspondería polos seus puntos. Caso de non aceptala, dita cantidade residual non sería utilizada.

Todas as autorizacións e/ou permisos de calquera índole necesarios para a construción, modificación e/ou posta en funcionamento das instalacións de co-compostaxe correrán a cargo da entidade beneficiaria da subvención.

Esta iniciativa provincial enmarcase no ámbito competencial que a lexislación vixente en materia de réxime local encomenda ás Deputacións xa que logo deben dirixir a súa actividade á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social en toda a provincia e a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, entre os que se atopan a recollida e tratamento de residuos.

A nova normativa en materia de residuos (Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular), supón un cambio substancial na tradicional visión que se tiña do tratamento dos residuos, con importantes esixencias para os Concellos.



Unha das máis relevantes é a de acadar unha serie de obxectivos de separación e preparación para a reciclaxe de alta calidade, debendo para iso os Concellos establecer a recollida separada dos biorresíduos de orixe doméstica antes do 30 de xuño de 2022 para as entidades locais con poboación de dereito superior a cinco mil habitantes, e antes do 31 de decembro de 2023 para o resto. Entenderase tamén como recollida separada de biorresíduos a separación e reciclado en orixe mediante compostaxe doméstica ou comunitaria.

Así mesmo, de acordo co disposto no artigo 26.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013, do 13 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da administración local, nos concellos de menos de 20.000 habitantes a Deputación coordinará a prestación dos servizos de recollida e tratamento de residuos; pola súa banda, o artigo 36.1.c) da citada Lei establece que é competencia da Deputación a prestación dos servizos públicos de carácter supramunicipal e, no seu caso, supracomarcal, e o fomento ou, no seu caso, a coordinación da prestación unificada de servizos dos concellos do seu respectivo ámbito territorial. En particular, asumirá a prestación do servizo de tratamento de residuos nos concellos de menos de 5.000 habitantes cando estes non procedan a súa prestación.

Tamén o artigo 30 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, establece que a Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin os medios económicos propios desta que se asignen ou as subvencións ou axudas de calquera outra procedencia.

E como corolario do anterior, o artigo 23 do Regulamento de Servizos permite que as Corporacións Locais concedan subvencións a Entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou suplan os atribuídos á competencia local.

CONCLUSIÓN

Á vista do anterior, infórmase favorablemente as bases que regularán o procedemento de concesión das subvencións para a implantación da agro-compostaxe en sinerxía cos biorresíduos municipais, nos termos antes expostos.”

Dada conta da circular da Secretaría, de data 26 de abril de 2018, na que se indica a non procedencia de emisión de informe xurídico ao non atoparse no marco normativo precepto algún que esixa a súa emisión respecto a este expediente, así como por existir informe-proposta de carácter xurídico do Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Tendo en conta o informe de Intervención con CSV: WHODXZA3SQ196ZKN, de data 29 de xullo de 2022, onde se reflicte que o importe das axudas (1.500.000 euros) imputarase á aplicación 22/923.1623.779.01 do vixente orzamento provincial na que non existe crédito suficiente para tal fin, polo que deberá quedar condicionada a aprobación das bases e da convocatoria á previa aprobación polo Pleno do correspondente expediente de modificación de crédito, e as observacións contidas no mesmo.



Vistas as aclaracións e emendas realizadas, a petición da Intervención, remítense as novas bases reguladoras polo Servizo de Asistencia Intermunicipal con CSV: L5GZFK3TA5FEC510.

Visto a dilixencia de Intervención de “Fiscalizado e conforme”, de data 3 de agosto de 2022, onde sinala que visto o texto definitivo das bases reguladoras con CSV: L5GZFK3TA5FEC510, infórmase favorablemente o mesmo.

Á vista do exposto, de conformidade co establecido no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar as bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a implantación da agro-compostaxe en sinerxía cos biorresiduos municipais nos termos expostos, e que figuran co CSV: L5GZFK3TA5FEC510, quedando condicionadas á previa aprobación polo Pleno do correspondente expediente de modificación de crédito.

- 7.32034.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E DA CONVOCATORIA DOS PROXECTOS “DEPOEMPRENDE NA ESCOLA”, “DEPOEMPRENDE NA ESO” E “DEPOEMPRENDE NA FP”, NO MARCO DO PROGRAMA DEPOEMPRENDE 2022-2023, DIRIXIDO AOS CENTROS EDUCATIVOS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA E DEPENDENTES DA XUNTA DE GALICIA, QUE IMPARTAN ENSINANZAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA, EDUCACIÓN ESPECIAL, EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E FORMACIÓN PROFESIONAL. (EXPTE. 2022050289).

Visto o informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local, de data 29 xullo de 2022, onde, seguindo a liña de emprendemento e replicando o proxecto levado a cabo en anteriores edicións, proponse realizar unha nova convocatoria do programa DepoEmprende nas modalidades “DepoEmprende na escola”, “DepoEmprende na ESO” e “DepoEmprende na FP” (convocatoria 2022-2023) dirixida aos centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Xunta de Galicia que impartan ensinanzas de educación primaria, educación especial, educación secundaria obrigatoria e formación profesional da provincia de Pontevedra.

Visto que na mesma data existe informe-proposta de carácter xurídico do xefe do servizo.

Visto que a súa aprobación non ten repercusión económica ningunha para a Deputación de Pontevedra nin leva aparellada necesidades orzamentarias.



En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar e publicar as bases reguladoras e convocatoria dos proxectos “DepoEmprende na escola”, “DepoEmprende na ESO” e “DepoEmprende na FP”, no marco do programa DepoEmprende 2022-2023, dirixida aos centros educativos sostidos con fondos públicos da provincia de Pontevedra e dependentes da Xunta de Galicia que impartan ensinanzas de Educación Primaria, Educación Especial, Educación Secundaria Obrigatoria e Formación Profesional que figuran no expediente co Código seguro de verificación (CSV): 4ETG2O7WU18GSO2G.

8.32035.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE DESEÑO, SUBMINISTRACIÓN EN RÉXIME DE ALUGUER, E INSTALACIÓN DE ELEMENTOS LUMÍNICOS ORNAMENTAIS PARA A CAMPAÑA DE NADAL EN DIVERSOS EDIFICIOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (EXPTE.2022024852).

Mediante providencia de inicio, de data 19/05/2022, a Xefa do Servizo de Arquitectura emite informe no que, co visto e prace da deputada, informa que desde a Presidencia, trasládase o Servizo de Arquitectura a intención de iluminar diversos edificios da Deputación de Pontevedra co fin de darlle presenza á institución nunhas datas tan sinaladas, como son a celebración das festas de Nadal. Os edificios que se propón iluminar son os seguintes: Pazo Provincial, Edificio Administrativo, Sede de Vigo, Palatece das Mendoza, Castelo de Soutomaio, Castelo de Sobroso e algúns dos edificios do Centro Príncipe Felipe.

Polo que vista a necesidade de contratar o servizo de deseño, suministro en réxime aluguer, e instalación de elementos luminosos ornamentais para a campaña de Nadal en diversos edificios da Deputación de Pontevedra, infórmase:

- Os servizos implicados non conta na actualidade con persoal técnico suficiente nin medios para atender as necesidades e funcións que requiren este servizo.
- Que se trata de funcións específicas e concretas, non habituais, que só se poden prestar por unha empresa de servizos, debido á dificultade e especialización das tarefas a realizar e ante a imposibilidade de prestarse por persoal da deputación.
- Que ademais o volume de traballo que estes servizos requiren non pode ser desenvolto polo persoal existente.



E polo tanto, por todo o exposto, ante a carencia de medios persoais e materiais axeitados considerase acreditada a necesidade de contratación externa para a prestación dos servizos sinalados.

En base ao exposto, con data 19/05/2022, a xefa do servizo de Arquitectura, emite informe no que, co visto e prace da deputada, propón a contratación dun servizo de “Deseño, subministro en réxime aluguer, e instalación de elementos lumínicos ornamentais para a campaña de Nadal en diversos edificios da Deputación de Pontevedra” . O contrato proposto ten un prazo de duración de 1 ano dende a data de formalización do mesmo, coa posibilidade de 3 prórrogas anuais, e un orzamento base de licitación de 124.398,89 euros. Xunto coa proposta, o servizo achega os pregos de prescricións técnicas para cada un dos lotes.

Tendo en conta que, con data 01/06/2022, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo mixto. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 01/06/2022, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe da Secretaría Xeral (csv: 9ZQNLNIRBC0YV'TLM), de data 09/06/2022, e as observacións contidas no mesmo.

Vistas as aclaracións e emendas realizadas, a petición da Secretaria, na documentación preparatoria do expediente, polos servizos de Arquitectura e de Contratación, reflectida nos seus respectivos informes de datas 08/06/2022, 27/06/2022 e 28/06/2022 (csv: IGU704W446DGVCCCL, XCWTWI2GV1RQEIH4 e SLHPG7ILDHFPSAS1) polo servizo de Arquitectura e de data 29/06/2022 (csv: 36MNUURNY4RTM2F9) polo servizo de Contratación

Visto que con data 29/06/2022, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 27/07/2022, co csv: 2XQ1G458DKDW2RPE.

Visto que con data 02/06/2022, a Intervención emite documento de retención de crédito número 202200117150 polo importe de 31.968,20 euros correspondente ao lote 1, con cargo á aplicación orzamentaria 22/ 457.4500.22799; documento de retención de crédito número 202200117150 polo importe de 7.977,93 euros, documento de retención de crédito número 202200117176 polo importe de 52.774,55 euros e documento de retención de crédito número 202200117175 polo importe de 11.692,64 euros correspondente ao lote 2, con cargo á aplicación orzamentaria 22/ 433.3363.22799 e documento de retención de crédito número 202200117153 polo importe de 19.985,57 euros correspondente ao lote 3, con cargo á aplicación orzamentaria 22/ 232.2312.22799 do vixente orzamento provincial.



Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal calificanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de *“Deseño, subministro en réxime aluguer, e instalación de elementos lumínicos ornamentais para a campaña de Nadal en diversos edificios da Deputación de Pontevedra”*.

O prazo de duración será de 1 ano, contado desde a data de formalización do contrato. Establecese a posibilidade de 3 prórrogas anuais.

Cos seguintes prazos aproximados de execución, seguindo o establecido nos PPTs

Os prazos relacionados coa execución do contrato serán, aproximadamente, os seguintes:

- Período de presentación da memoria técnica: deberá ser presentada para a súa aprobación pola Deputación de Pontevedra nun prazo máximo dun mes dende a data de formalización do contrato para a primeira anualidade, para a súa aprobación pola Deputación de Pontevedra.



En caso de que a memoria técnica non cumpra coas expectativas, deberase modificar tendo en conta as correccións propostas pola persoa responsable do contrato, nun prazo máximo de 10 días dende a notificación das medidas correctivas. Este proceso realizarase todas as veces necesarias ata acadar o resultado desexado.

- Período de montaxe: a Deputación notificará o período dispoñible para a colocación dos elementos, que será no mes de novembro; sempre condicionada ás condicións meteorolóxicas e de coordinación da empresa adxudicataria coa Deputación. O acendido da iluminación estímase entre o día 1 e 4 do mes decembro, sempre condicionada á axenda institucional
- Período de probas: unha semana antes do acendido oficial. A data notificarase á empresa adxudicataria;
- Período de acendido da iluminación: dende a data concretada pola Deputación de Pontevedra ata o 7 de xaneiro;
- Período de desmonte: dende o 10 ao 25 de xaneiro seguinte ao período de acendido;

Os horarios estipulados, que serán confirmados pola persoa responsable do contrato fixaranse para os días e horas estipulados en cada un dos PPT

Todas as datas serán notificadas á empresa adxudicataria. En relación aos horario fixados neste prego, cómpre sinalar que poderán ser modificados polo responsable do contrato durante a duración do mesmo, previa notificación á empresa adxudicataria coa antelación suficiente.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 124.398,89 euros. O valor estimado é de 411.236,00 euros.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: 482NJHZUJ8NKN45T) e os de prescricións técnicas (CSV: QHPLF1K4DAU03KV4, para o lote 1; QM5Z92X12TNPR677 para o lote 2 e KQS5D3ZQMV16VRZ4 para o lote 3) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 124.398,89 euros, con cargo á aplicacións orzamentarias do vixente orzamento provincial, do seguinte xeito:

Aplicación orzamentaria	Importe total (con IVE)
457.4500.22799 (Pazo Provincial, Edificio Administrativo e Sede de Vigo)	31.968,20€
433.4320.22799 (Palacete das Mendoza)	11.692,64€
433.3360.22799 (Castelo de Soutomaio)	52.774,55€
433.3363.22799 (Castelo de Sobroso)	7.977,93€
232.2312.22799 (Centro Príncipe Felipe)	19.985,57 €



4.- Nomear responsables do contrato a María Carmen Gómez Manzano Arquitectura, Ruth González Reyes, xefa do servizo de Turismo Rías Baixas e Patricia Pérez Fernández, Técnica do servizo de Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, contados desde o día seguinte da data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

9.32036.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-9302 EN BROULLÓN (PQ 0+780 AO PQ 0+970) E COBAS (PQ 2+400 AO PQ 2+550), NO CONCELLO DE MEAÑO”. (EXPTE. 2021065111).

A Deputación de Pontevedra é titular da EP 9302 Xil – Cobas - Barrantes que descorre polo Concello de Meaño e que ten unha lonxitude de 5.757 metros.

Nos treitos comprendidos entre o PQ 0+780 e PQ 0+970 e o PQ 2+400 e PQ 2+550 da EP 9302 Xil – Cobas – Barrantes, a estrada provincial presenta un ancho variable, con seccións que nalgúns puntos non superan os 5,00 m de ancho, condicionada pola presenza de edificacións e peches consolidados en ámbalas marxes que provocan que o trazado quede encaixado. A maiores, a calzada atópase pavimentada integramente con aglomerado asfáltico, sen dispoñer de beirarrúas, beiravías nin ningún tipo de espazo reservado para os peóns, destinando a totalidade do espazo público ao desfrute dos vehículos motorizados, sen existir unha convivencia amable, agradable e segura entre todos os usuarios do mesmo, nunha zona moi frecuentada diariamente por peóns.

Debido á falta de seguridade viaria nos treitos comprendidos entre o PQ 0+780 e PQ 0+970 e o PQ 2+400 e PQ 2+550 da EP 9302 Xil – Cobas – Barrantes, con data 16/11/2021 asinouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Meaño o convenio de colaboración para a execución do proxecto “Mellora da mobilidade peonil na EP-9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) e Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550), no Concello de Meaño”, con un importe de 375.468,32 € IVE incluído.

No citado convenio, recóllese que os investimentos necesarios par a realización das mencionadas obras serán financiados pola Deputación e o Concello de Meaño mediante as seguintes cantidades:

Entidade	Achega	%
Deputación de Pontevedra	262.827,82 €	70
Concello de Meaño	112.640,50 €	30
Total investimento	375.468,32 €	100



Recolle tamén que lle corresponde á Deputación de Pontevedra redactar o proxecto técnico para a execución das obras, así como a súa licitación, dirección execución e recepción.

Na súa consecuencia, recibíuse no Servizo de Contratación informe do xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, coa conformidade do Deputado Delegado desa área, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da mobilidade peonil na EP-9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) e Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550), no Concello de Meaño”.

Sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Pablo Blanco Ferreiro adscrito á empresa Estudio Técnico Gallego, S.A. o proxecto de execución da obra “Mellora da mobilidade peonil na EP-9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) e Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550), no Concello de Meaño”, cun orzamento base de licitación de 375.468,32 € IVE icluido. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) 7DYOXI71ZUJRJDQG.

Pola Intervención emitíuse documento RC número 202200003356 por importe de 375.468,32 € con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.02.2021. do vixente orzamento provincial.

Consta no expediente autorizacións concedidas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e por Augas de Galicia e informe favorable de supervisión do proxecto emitido polo xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 01/04/2022 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Mellora da mobilidade peonil na EP-9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) e Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550), no Concello de Meaño”, redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Pablo Blanco Ferreiro adscrito á empresa Estudio Técnico Gallego, S.A , cun orzamento base de licitación de 375.468,32 € IVE icluido. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) 7DYOXI71ZUJRJDQG.

A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 20 de maio de 2022 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP-9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) en Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550), no Concello de Meaño". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 24 de maio de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 16/07/2022 procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto



simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP-9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) en Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550), no Concello de Meaño”.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- MONTAJES J.M IGLESIAS, S.L.
- HORDESCON
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCUTRAS, S.L.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- NAROM, S.L.
- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS

A Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

O Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Alonso Fernández, con data 23 de xuño de 2022, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTAIS	PUNTUACION SOBRE "A"
MONTAJES J.M IGLESIAS, S.L.	18,00	3,00	21,00
HORDESCON	16,00	2,00	18,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	20,00	3,00	23,00
ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCUTRAS, S.L.	16,00	2,00	18,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	16,00	2,00	18,00
NAROM, S.L.	20,00	3,00	23,00



CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	20,00	3,00	23,00
CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS	18,00	3,00	21,00

A Mesa de Contratación na súa reunión de data 30/06/2022 en base ó informe do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías e Obras, D. Francisco Alonso Fernández, de data 23/06/2022, acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas neste procedemento.

Na mesma sesión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada polas empresas admitidas neste procedemento e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	290.258,74 €	3%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	306.084,26 €	2%	24 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	294.789,18 €	3%	36 MESES	SI	SI
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	286.000,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	276.791,52 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	294.230,63 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	309.917,35 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedeuse á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, conteñen valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.



En virtude do anteriormente dito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da mesa para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.

Rematado o prazo do requirimento, non consta que a empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L., presentara xustificación algunha da súa oferta, polo que NON debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra.

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 21/07/2022, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	SOBRE "B"				PUNTUACION SOBRE "B"
	VALORACION ECONOMICA	PRAZO DE GARANTIA	CONTROL CALIDADE	UN- EN ISO 9001/1 4001	
MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	22,15	5,00	5,00	5,00	37,15
HORDESCON, S.L.	4,92	2,50	2,50	5,00	14,92
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCION ES DE AROSA, S.L.	17,72	5,00	5,00	5,00	32,72
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRASTRUCT URAS, S.L.	26,31	5,00	5,00	5,00	41,31
NAROM, S.L.	18,26	5,00	5,00	5,00	33,26
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	0,45	5,00	5,00	5,00	15,45
CONSTRUCCION ES TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	16,05	5,00	5,00	5,00	31,05



Resultando.- Que a na mesma reunión, a Mesa de Contratación acordou a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto “Mellora da mobilidade peonil na EP-9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) e Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550), no Concello de Meaño” que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACION SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	18,00	41,31	59,31
2	MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	21,00	37,15	58,15
3	NAROM, S.L.	23,00	33,26	56,26
4	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	23,00	32,72	55,72
5	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	21,00	31,05	52,05
6	CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	23,00	15,45	38,45
7	HORDESCON, S.L.	18,00	14,92	32,92

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comproba que a ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCTURAS, S.L. figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Segundo se desprende dos datos recollidos no citado rexistro a empresa cumpre os requisitos da clasificación, capacidade e solvencia económica recollidos no PCAP, non estando incurso en prohibición de contratar

Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor 3. Propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da mobilidade peonil na EP-9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) e Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550), no Concello de Meaño” á empresa ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.

Resultando.- Que requirida ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUTURAS., para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a mesma, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 14.300,00 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 28/07/2022 con número de operación 202200149931



Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: “...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluírá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...”

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluír deste procedemento a oferta presentada pola empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
2. Adxudicar á empresa ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L., o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da mobilidade peonil na EP-9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) e Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550), no Concello de Meaño*”, por un importe de 346.060,00 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	286.000,00 €
IVE (21%)	60.060,00 €
Importe Total.....	346.060,00 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

3. Nomear director de obra ó enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Alonso Fernández.



O prazo de execución será de SEIS (6) a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

As obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.912.02.2021 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2021065111.

10.32037.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE VESTIARIO PARA O PERSOAL CONDUCTOR E SUBALTERNO E PARA O CENTRO PRÍNCIPE FELIPE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (EXPTE.2021044973).

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 17 de xuño de 2022, aprobou o expediente para a contratación, por lotes, mediante procedemento aberto, da “*Subministración de vestiario para o persoal conductor e subalterno e para o Centro Príncipe Felipe de Deputación de Pontevedra*”, concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante, para a presentación de proposicións.

O anuncio de licitación de dito procedemento publicouse no *Perfil de Contratación* da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 17 de xuño de 2022. Na mesma data, publícanse no *Perfil de Contratación* os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.



Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 7 de xullo de 2022, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas. Unha vez finalizado este trámite, a Mesa de Contratación observa que, a empresa Costa Oeste del Atlántico, S.L., non presenta documentación algunha relativa ao Lote 1, incluíndo neste sobre unicamente a documentación correspondente ao Lote 2.

A vista do exposto acorda trasladar a documentación descargada do sobre “B”, ós técnicos do Centro Príncipe Felipe, para que avalíen e ponderen as propostas técnicas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

Recibido informe do Centro Príncipe Felipe, de data 15 de xullo de 2022 (CSV: I75DD56SR1E4WII0), a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 21 de xullo de 2022, presta conformidade as puntuacións acadadas, e procede á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que alcanzan a puntuación mínima do 50 % da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliables mediante un xuízo de valor (sobre B), esixida na cláusula 9.1 dos pregos para continuar no procedemento.

No mesmo acto, unha vez examinadas as ofertas, a Mesa de Contratación procedeu á clasificar por orde decrecente de puntuación o resto das ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adjudicación do lote número 2 do contrato a favor da empresa COSTA OESTE DEL ATLANTICO, S.L. (NIF: B-36.946.002), polos prezos e valores ofertados para o citado lote.

Mediante Resolución Presidencial número 2022005591, de 29 de xullo de 2022 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa COSTA OESTE DEL ATLANTICO, S.L. (NIF: B-36.946.002), que presenta a mellor oferta para o lote número 2, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa COSTA OESTE DEL ATLANTICO, S.L. (NIF: B-36.946.002) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Registro entrada WEB2022042299, de data 29/07/2022), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 967,15 € (carta de pago núm. operación 202200157580, do 1/08/2022).



Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Declarar deserto o Lote número 1 (Persoal subalterno e condutor) do procedemento aberto convocado para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da Subministración de vestiario para o persoal condutor e subalterno e para o Centro Príncipe Felipe de Deputación de Pontevedra, por non existir ofertas de empresas interesadas na adxudicación do referido Lote.

2.- Adxudicar o Lote 2 (Centro Príncipe Felipe) do procedemento aberto convocado para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da Subministración de vestiario para o persoal condutor e subalterno e para o Centro Príncipe Felipe de Deputación de Pontevedra, á empresa COSTA OESTE DEL ATLANTICO, S.L. (NIF: B-36.946.002), polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte detalle:

a) Prezos unitarios ofertados:

TIPO DE VESTIARIO E CARACTERÍSTICAS	Nº UNDS	PREZO UNITARIO OFERTADO, SEN IVE
Zapatos de inverno de cor negra e pel hidrófuga. Con forro interior en pel transpirable e antiabrasión. Interior media plantilla acolchada na zona do talón. A soa deberá ser de poliuretano e monodensidade.	5	44,50 €
Zapato de verán (tipo tenis), con cordóns en cor negra e material exterior de pel. Interior con plantilla.	5	44,50 €
Pantalóns home ou muller tipo chino cor azul mariño. Fabricado en algodón con elastán (97% algodón e 3% elastán, aproximadamente). Con adaptación ao movemento. Gramaxe de 250 gr/m ² aproximadamente. Con petos dianteiros (tipo francés), dous petos traseiros.	5	23,51 €



Pantalóns home ou muller de tecido vaqueiro cor azul mariño. Fabricado con elastán e indicado para a tempada de verán. Con adaptación ao movemento. Con dous petos dianteiros (tipo francés), dous petos traseiros.	5	31,53 €
Camisa tipo Oxford “regular fit” de home ou muller manga curta, en cor azul celeste. Composición aproximada 70% algodón 30% Poliéster. Gramaxe 135 gr/m ² aproximadamente.	5	19,90 €
Camisa tipo Oxford “regular fit” de home ou muller manga larga, en cor azul celeste. Composición aproximada 70% algodón 30% Poliéster. Gramaxe 135 gr/m ² aproximadamente.	5	19,90 €
Cazadora home ou muller confeccionada en tecido <i>soft shell</i> laminado de symplatex (ou similar), altamente impermeable, cortaventos, transpirable e lavable. Peche frontal con cremalleira . Petos frontais. Bocamangas con tecido axustable ao puño en cor azul mariño. A cazadora debe cumprir a normativa EN 471	5	75,00 €
Chaleco de forro polar home ou muller alta calidade, con tecido <i>antipeelling</i> . Con solapa no pescozo e petos laterais. Puños con elástico interior. Aberto e con cremalleira cor azul mariño. 100% políester de 300 gr/m ² aproximadamente.	5	24,10 €
Traxes sanitarios de home e de muller compostos de casaca e pantalón. A casaca aberta, con botóns e de manga curta. Cunha composición de 60% poliéster e 35% algodón. O pantalón con cintura de goma e petos, cunha composición do 65% poliéster e 35% algodón, aproximadamente. O traxe sanitario de cor branco.	65	24,18 €
Chaqueta de punto color azul mariño, con pescozo de pico e peche con botóns. Composición 100% acrílica. (Galga 10 aproximadamente).	8	19,30 €
Forro polar unisex alta calidade, con tecido <i>antipeelling</i> . Con solapa no pescozo e petos laterais. Puños con elástico interior. Aberto e con cremalleira cor azul mariño. 100% poliéster de 300 gr/m ² aproximadamente.	45	14,30 €
Zocas brancas antideslizante de pel. Con absorción de enerxía no talón, impermeable e de alta transpiración, resistente a desgarrs e produtos químicos. Lavable, de 95 gramos en cada pe, aprox. Abertas por detrás con tira. As zocas deben cumprir coa norma EN 347 O2 SRC.	23	24,90 €
Zocas brancas antideslizante de pel. Con absorción de enerxía no talón, impermeable e de alta transpiración, resistente a desgarrs e produtos químicos. Lavable, de 95 gramos en cada pe, aprox. Pechadas completamente.	78	24,90 €
Polo de home ou muller, cunha composición de 100% algodón e de cor branco.	8	9,95 €
Pantalón con cintura de goma e petos, cunha composición de 60% poliéster e 35% algodón, aproximadamente. De cor branco.	8	11,95 €



Zocas negras antideslizante de pel (95 gramos en cada pe, aprox) (unidades en pares), de absorción de enerxía no talón, impermeable, de alta transpiración, resistente a desgarres e produtos químicos. Lavable. Con confort térmico. Pechadas completamente.	3	25,00 €
Chaquetas cociñeiro con pescozo <i>tirilla</i> , cor branca e de manga curta. Con peto no peito e dobre abotonadura con corchete. Composición aproximada de 60% poliéster e 40% algodón de 160 gr/m ²	15	14,50 €
Chaquetas cociñeiro con pescozo <i>tirilla</i> , cor branca e de manga larga. Con peto no peito e dobre abotonadura con corchete. Composición aproximada de 60% poliéster e 40% algodón de 160	15	14,85 €
Pantalóns cociñeiro de cadros (branco e negro ou gris e branco), con pinzas e goma elástica no interior da cintura (na zona traseira. Petos tipo francés. Composición aproximada de 60% poliéster e 40% algodón de 190	30	11,95 €
Gorros cociña formato “champiñón” con velcros en cor branco. Composición aproximada de 65% poliéster e 35% algodón.	30	5,99 €
Mandís con peto de plástico cor branco. Composición de PVC	60	5,00 €
Mandís con peto de tela en cor branco. Composición de 60% poliester e 35% algodón aproximadamente	60	5,00 €
Polo de home ou muller de manga curta en cor marrón. Pescozo acanalado e <i>trabilla</i> con botóns. Baixo recto con aberturas laterais. Composición de 100% algodón peinado de 200 gr/m ² aproximadamente	3	8,80 €
Polo de home ou muller de manga larga en cor marrón. Pescozo acanalado e <i>trabilla</i> con botóns. Baixo recto con aberturas laterais. Composición de 100% algodón peinado de 200 gr/m ² aproximadamente	3	9,95 €
Sudaderas de pescozo redondo en cor marrón. Tecido en felpa ou similar. Composición aproximada de 50% poliéster e 50% algodón de 290 gr/m ²	6	11,60 €
Pantalóns de traballo con petos laterais en cor marrón/camel escuro. Composición aproximada de 65% poliéster e 35% algodón.	6	18,90 €
Zapato ou bota de caña baixa de seguridade con pel hidrófuga, forro transpirable, antibacteriano, absorbente e deabsorbente, antiabrasión. Plantilla AIR de EVA e tecido, anatómica, perforada, antiesatica. Plantilla antiperforación (tipo monza ou equivalente)	3	59,90 €
Chaqueta de traballo (cor azul mariño ou gris, a elixir). Confeccionada en algodón elástico que permita movemento. Composición aproximada de 97% algodón e 3% Spandex. Sinálase a efectos orientativos que as características serán similares as da marca ISSA Line Strech ou similar. debe cumprir con protección de alta visibilidade EN 471	26	44,50 €
Pantalón de traballo multibolsillos. Con composición de 97% algodón e 3% spandex. En cor azul mariño ou gris, a elixir. Sinálase a efectos orientativos que as características serán similares as da marca ISSA Line Strech ou similar. debe cumprir con protección de alta visibilidade EN 471	26	29,15 €



*Zapatos de traballo de seguridade cor negra tipo tenis (Tipo cofra petris SIP ou similar). Os zapatos poden cumprir coa norma EN 345 S3 ou EN 345 S4.	13	44,90 €
*Zapatos de traballo de seguridade cor negra tipo tenis para electricista que deben cumprir coa normativa EN 345 S2 e EN 50321. Botas de seguridade cor negra que deben cumprir a seguinte normativa: * Botas de auga para fontanería, carpintería, albanelaría e soldadura: Norma EN 345 S5. * Bota de auga para xardinería: Norma EN 345 S4. * Bota de auga para electricista: Norma EN 345 S4 e EN 50321.	13	63,00 €
Cazadora impermeable. Bicolor de alta visibilidade (azul mariño e amarelo con bandas reflectantes). Composición de 100% poliéster. Características similares: revestimento non transpirable, mangas extraíbles. Forro polar desmontable. Caperuza sen forro e con cordón de axuste. Puños e cinturilla acanalados. Petos de fuelle dianteiros e 2 petos máis cálidos. debe cumprir con protección de alta visibilidade EN 471	13	49,90 €
Polos de manga corta ou manga larga, a elixir, e de home ou muller, cor azul mariño. Composición de 100% algodón e 220 gr/m ² . Debe cumprir con protección de alta visibilidade EN 471	39	20,00 €
Botas de seguridade cor negra- De pel hidrofugada, antideslizante. Plantilla antibacteriana e punteira de seguridade.	1	34,90 €
Pantalóns con pinzas (para verán e inverno) e de tecido bielástico, de home ou muller e en cor azul mariño. De gran transpiración. Con petos laterais e traseiros ambos con tapas, e reforzos nos xeonllos e na parte traseira.	24	43,50 €
Zapatos de verán en cor negro. En pel hidrófuga, interior transpirable e antiabrasión. Piso de goma, cosido e de descanso 24 horas. Sen cordóns.	12	44,80 €
Botas negras de pel (tipo patrulla). Repelentes a auga	12	60,00 €
Camisa branca popelín, de home ou muller, con 1 peto no lado esquerdo sen solapa, sen botóns no pescozo e sen ombreiras (manga curta ou manga larga a elixir)	24	23,00 €
Camisa azul celeste popelín, de home ou muller, con 1 peto no lado esquerdo, botóns no pescozo, sen solapa e sen ombreiras (manga curta)	24	23,50 €
Anorak largo de cor azul mariño, con aberturas laterais, realizado en material tipo sándwich en sarga de poliéster como tecido exterior de goretex, con membrana impermeable e transpirable no medio, e unha fibra polar no seu interior a cal debe ser desmontable, costuras termoselladas. O anorak debe cumprir a normativa EN 471	12	77,23 €
Forro polar bicolor azul mariño con tecido poartec, con canesú en tecido impermeable, sen ombreiras, con reforzos cosidos nos cóbados, os puños con elástico. Composición aproximada de 100% poliéster e de 300 gr/m ²	12	36,70 €
Pantalóns uniforme de home ou muller con petos laterais, cor negro. Composición aproximada de 50% poliéster, 45% Lana e 5% lycra.	2	34,90 €
Zapatos de home ou muller de descanso, en pel . Plantilla acolchada de poliuretano con tratamento antibacterias e carbón activado. Sola antideslizante.	2	39,10 €



Camisa de home ou muller entallada manga larga (branca ou azul celeste, a elixir). Composición aproximada de 65% poliéster e 35% algodón.	1	15,00 €
Camisa de home ou muller entallada manga corta (branca ou azul celeste, a elixir). Composición aproximada de 65% poliéster e 35% algodón.	1	15,00 €

A empresa oferta un servizo de arranxo e adaptabilidade das prendas adaptacións e/ou rectificacións das prendas, que en todo caso serán por conta da empresa, e non poderán supoñer coste adicional ningún para esta Administración.

O prazo de duración do contrato será desde a data de formalización ata o 31 de decembro de 2022, prevéndose a posibilidade de dúas prórrogas dunha anualidade cada unha delas.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato para o ano 2022 financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 232.2312.221.04 do vixente orzamento provincial.

Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

O pagamento das subministracións realizadas ao abeiro do presente contrato realizarase contra a presentación das correspondentes facturas, unha vez conformadas pola persoa responsable do contrato e sempre trala sinatura dos correspondentes albarás.
A estes efectos, cada subministración entregarase co correspondente albará no que se identificará claramente o tipo e a cantidade dos bens entregados.
Os albarás deberán ser selados e asinados pola persoa que recepcione a mercadoría ou persoa responsable do pedido.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicatario ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2021044973	
Órgano xestor:	LA0006112	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.



Responsable do contrato: Ana María Soto Prieto, Xefa de Xestión do Centro Príncipe Felipe

3.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

11.32038.- APROBACIÓN DOS PROXECTOS DE RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR CORRESPONDENTE COS EXPEDIENTES FEDER EELL-2020-004168 EDER-EELL-2020-004561, FEDER-EELL-2020-004515, FEDER-EELL-2020-004530 E FEDER-EELL-2020-004626 DO I.D.A.E. FINANCIADOS NUN 80% POLO FEDER A TRAVÉS DO P.O.C.S. 2014-2020. (EXPTE: 2022044656).

Con data 27/07/2022 a Deputada Delegada de Transición Ecolóxica e Medio Ambiente, Arquitectura e Proxectos Europeos ditou providencia de inicio pola que se solicita ao Servizo de contratación a iniciación do expediente para a contratación da Renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente cos expedientes FEDER-EELL-2020-004168, FEDER-EELL-2020-004561, FEDER-EELL-2020-004515, FEDER-EELL-2020-004530 e FEDER-EELL-2020-004626 Do I.D.A.E. financiados nun 80 % polo FEDER a través do P.O.C.S. 2014-2020 que comprende as seguintes actuacións:

Lote	Denominación do lote	Número proxecto IDAE	Proxectos actuacións
1	Iluminación exterior sostible V	FEDER-EELL-2020-004168	Proxecto 1.1 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Agolada Proxecto 1.2 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Baiona Proxecto 1.3 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Barro Proxecto 1.4 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Bueu Proxecto 1.5 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Caldas de Reis



2	Iluminación exterior sostible VI	FEDER-EELL-2020-004561	<p>Proxecto 2.1 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Cambados</p> <p>Proxecto 2.2 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Crecente</p> <p>Proxecto 2.3 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Forcarei</p> <p>Proxecto 2.4 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de O Grove</p> <p>Proxecto 2.5 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de A Guarda</p>
3	Iluminación exterior sostible VII	FEDER-EELL-2020-004515	<p>Proxecto 3.1 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Marín</p> <p>Proxecto 3.2 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Meaño</p> <p>Proxecto 3.3 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Meis</p> <p>Proxecto 3.4 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Mondariz Balneario</p>
4	Iluminación exterior sostible VIII	FEDER-EELL-2020-004530	<p>Proxecto 4.1 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Mondariz</p> <p>Proxecto 4.2 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Moraña</p> <p>Proxecto 4.3 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Mos</p> <p>Proxecto 4.4 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Poio</p> <p>Proxecto 4.5 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Ponte Caldelas</p>
5	Iluminación exterior sostible IX	FEDER-EELL-2020-004626	<p>Proxecto 5.1 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Portas</p> <p>Proxecto 5.2 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Valga</p> <p>Proxecto 5.3 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Vilanova de Arousa</p> <p>Proxecto 5.4 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Vilagarcía de Arousa</p>



Xustifícase a necesidade do contrato no marco competencial da Deputación que, ao amparo do artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), asume competencias en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Neste marco competencial, a Deputación de Pontevedra, en colaboración con varios concellos da provincia, presentou, ao amparo das convocatorias de Economía Baixa en Carbono para entidades locais do IDAE (Ministerio para a Transición Ecolóxica) os proxectos detallados anteriormente. Nestes proxectos perséguese a mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación exterior dos concellos mencionados co fin de reducir a demanda enerxética e, polo tanto, o seu consumo enerxético e emisións de dióxido de carbono, mediante a substitución das lámpadas actuais de baixa eficacia por luminarias LED, de acordo con o Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, polo que se modifica o RD 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020. Para poder realizar dita substitución e os traballos de renovación das instalacións de iluminación que vaian asociados é preciso realizar a contratación cunha ou varias empresas externas que contén coa capacidade e os medios suficientes. Xustifícase, desta forma, a incoación dun expediente de contratación mediante o presente informe cuxo resultado último serán instalacións de iluminación máis eficientes e que cumpran cos regulamentos e normativa de aplicación.

Ratifícase a necesidade desta contratación por carecer a Deputación de Pontevedra dos medios e persoal suficiente coas habilitacións esixidas; o alto volume de traballo existente e pola áxil execución que se require para cumprir cos prazos marcados polo IDAE. A realización dos traballos e o despacho dos mesmos nun tempo adecuado require de varios equipos con persoal formado e experiencia no ámbito de instalacións de iluminación con tecnoloxía LED.

De conformidade co previsto na providencia de inicio do expediente e tendo en conta a definición do obxecto do contrato así como os códigos CPV indicados para a definición do mesmo:

- 31500000 Material de iluminación e lámparas eléctricas
- 45316000-Traballos de instalación de sistemas de alumeado e sinalización
- 45316100-Instalación de equipo de alumeado exterior.

o contrato cualifícase como contrato mixto que comprende prestacións de obra e de subministración.

Para a determinación das normas que rexerán a adjudicación do mesmo atenderase ao carácter da prestación principal sendo ésta a de subministración.

De conformidade co previsto no artigo 18.3 da LCSP “*nos casos nos que un elemento do contrato mixto sexa unha obra e esta supere os 50.000,00 euros deberá elaborarse un proxecto e tramitarse de conformidade cos artigos 231 e seguintes da LCSP*”.



Á vista do exposto, polo Enxeñeiro Técnico Industrial , Alberto Isidoro Ochando Ramírez (Nº de Colexiado COTTIG1542) da empresa Letter Ingenieros SL , adxudicataria do contrato de asistencia técnica para a redacción dos proxectos e dirección das obras de renovación das instalacións de iluminación exterior dos proxectos IDAE NÚMERO FEDER EELL2020004168, FEDER EELL2020004561, FEDER EELL2020004515, FEDER EELL2020004530 E FEDER EELL2020004626, redactáronse os correspondentes proxectos de obra para cada unha das actuacións previstas.

Pola Intervención emitíronse os correspondentes informes de fiscalización dos correspondentes proxectos polos que se informan favorablemente os proxectos, informando así mesmo da existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ao gasto.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 60.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar os proxectos correspondentes a “*Renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente cos expedientes FEDER-EELL-2020-004168, FEDER-EELL-2020-004561, FEDER-EELL-2020-004515, FEDER-EELL-2020-004530 e FEDER-EELL-2020-004626 do I.D.A.E. financiados nun 80 % polo FEDER a través do P.O.C.S. 2014-2020*” que se detallan a continuación:

LOTE 1.- ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE V (Concellos: Agolada, Baiona, Barro, Bueu e Caldas de Reis)		
PROXECTO	Orzamento base de licitación (IVE incluído)	CSV
Proxecto 1.1 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Agolada	186.477,65 €	I841ZV73LM1F3 ZT8
Proxecto 1.2 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Baiona	177.368,14 €	JLAW6T3GWRF AJ3AK
Proxecto 1.3 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Barro	178.794,38 €	JDG1514BLU45Q XH8
Proxecto 1.4 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Bueu	156.003,75 €	L91YRLHV2GG V8GHV
Proxecto 1.5 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Caldas de Reis	213.516,10 €	JUKGGMKCLN HR86IP
TOTAL	912.160,02 €	



LOTE 2.- ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE VI (Concellos de Cambados, Crecente, Forcarei, O Grove e A Guarda)		
PROXECTO	Orzamento base de licitación (IVE incluído)	CSV
Proxecto 2.1 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Cambados	235.120,57 €	U58M02JFO6JOALON
Proxecto 2.2 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Crecente	169.255,55 €	TAL6RCB9YZE6DSZC
Proxecto 2.3 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Forcarei	177.054,96 €	TDAXNI76LVBFWENP
Proxecto 2.4 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de O Grove	258.837,30 €	T4OJ8DVNWQHUXT03
Proxecto 2.5 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de A Guarda	44.142,72 €	UOYY42AAW6WCQ1D2
TOTAL	884.411,10 €	

LOTE 3.- ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE VII (Concellos de Marín, Meaño, Mes e Mondariz Balneario)		
PROXECTO	Orzamento base de licitación (IVE incluído)	CSV
Proxecto 3.1 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Marín	194.775,18 €	T538GFCEBP76TQFX
Proxecto 3.2 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Meaño	192.171,29 €	U6C0JPRG2NU7SHWD
Proxecto 3.3 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Meis	185.470,95 €	U43XVLC9UQN94SOV
Proxecto 3.4 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Mondariz Balneario	140.147,49 €	UG8HMXI6ZQVPFQTH
TOTAL	712.564,91 €	

LOTE 4.- ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE VIII (Concellos de Mondariz, Moraña, Mos, Poio e Ponte Caldelas)		
PROXECTO	Orzamento base de licitación (IVE incluído)	CSV
Proxecto 4.1 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Mondariz	130.801,44 €	UPWQ3SFS3LOHZQGH
Proxecto 4.2 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Moraña	124.263,77 €	U8M37T6NAK14F65W



Proxecto 4.3 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Mos	88.469,79 €	UUVLN1QWYF TN60DB
Proxecto 4.4 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Poio	176.386,02 €	U4Q2PAHMHVH U5TA9F
Proxecto 4.5 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Ponte Caldelas	175.166,05 €	UKESSUGWGB HGFNV2
TOTAL	695.087,07 €	

LOTE 5.- ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE IX (Concellos de Portas, Valga, Vilanova de Arousa e Vilagarcía de Arousa)		
PROXECTO	Orzamento base de licitación (IVE incluído)	CSV
Proxecto 5.1 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Portas	266.949,22 €	UIMYTO4EL4E5 KBAP
Proxecto 5.2 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Valga	143.803,42 €	UH00Z9UKDXE 4L4MR
Proxecto 5.3 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Vilanova de Arousa	197.402,98 €	UZPD3AKFLXR R1LC6
Proxecto 5.4 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Vilagarcía de Arousa	199.385,82 €	UYAOV83P6Y1G 5OXC
TOTAL	807.541,44 €	

12.32039.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

Vista a relación de facturas con número 2022050273, que contén 17 facturas e por un importe de 25.581,17 € e con CSV: GABD3L6YXMSHGMXT, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 28/07/2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	25.581,17 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	25.581,17 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.



13.32040.- RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL NO EXPEDIENTE DA SESIÓN ANTERIOR: 3.32003.-CONCESIÓN DE SUBVENCIONES, EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA ACTIVIDADES DE CARÁCTER TURÍSTICO DURANTE O ANO 2022. (EXPT. 2022004418)

Detectada na relación de solicitudes desestimadas no acordo que se refire a reprodución do DNI completo dun dos interesados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade proceder á súa rectificación ao abeiro do art. 109.2 da Lei 39/2014, do 1 de outubro; de tal forma que na redacción anterior, o interesado quedará, polo que respecta ao seu DNI, do seguinte modo:

NIF	NOME	ASUNTO	PUNTUACIÓN	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
----	----	----	----	-----
36*****8L	IVAN PEREZ GANDARAS LACARCEL	RUTAS TURISTICO DIVULGATIVAS	Sen valorar	O solicitante non é persoa xurídica (art. 3 bases reguladoras das subvencións)

14.32041.- COMUNICACIONES

Non houbo.

15.32042.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas e catorce minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario (p.s.) que dou fe.

DILIXENCIA: Asíñase a presente acta sen prexuízo dos termos que resulten da súa aprobación posterior (art. 205 RD 2568/1986). Unha vez aprobada na sesión seguinte sen rectificacións ao seu texto, considerarase como a acta definitiva. Dito extremo poderá ser acreditado pola Secretaría titular.

